

ASISTENTES:

Presidenta:

Dona Dolores Fernández Galiño

Vicepresidenta:

Dona María Xosé Porteiro García

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Don José María Barreiro Díaz

Polo Consello de Contas

Don Manuel José Santana Suárez

Polo Consello Consultivo de Galicia

Dona Ana María López Guizán

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Don Xosé Manuel Rodríguez Méndez

Secretario:

Don Ramón Aguirre Seoane (P.S.: Resolución do 14/02/2025)

En Santiago de Compostela ás 10.00 horas do día 25 de febreiro de 2025, en sesión realizada por videoconferencia, e con asistencia das persoas indicadas á marxe convocadas por vía electrónica pola súa presidenta o día 18 de febreiro de 2025, ten lugar a 93 sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1. Saúda

A presidenta inicia a sesión cunha benvida aos membros. Constatase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

2. - Aprobación, se procede, da acta da sesión do 14 de xaneiro de 2025.

Constátase o envío da acta da sesión 92 e estando conformes todos os membros presentes, apróbase por asentimento.

3. - Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Previamente á entrar a avaliar as propostas de resolucións dos expedientes a tramitar na presente reunión, o representante da Xunta de Galicia indica que o expediente RCSTG/166/24 se refire a unha actuación na que, entende, debe absterse. Así, solicita que dito expediente sexa analizado ao final da sesión, sen a súa presenza. Estando todos de acordo, dito expediente analízase ao final, unha vez que se desconectou da sesión.

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Número	Sentido	Número	Sentido
RSCTG/166/24	Estimación por motivos formais	RSCTG/237/24	Estimación
RSCTG/188/24	Estimación por motivos formais	RSCTG/239/24	Desestimación
RSCTG/196/24	Estimación	RSCTG/243/24	Estimación por motivos formais
RSCTG/197/24	Estimación	RSCTG/245/24	Inadmisión
RSCTG/199/24	Estimación	RSCTG/246/24	Estimación
RSCTG/207/24	Estimación por motivos formais	RSCTG/248/24	Inadmisión
RSCTG/211/24	Estimación por motivos formais	RSCTG/8/25	Estimación
RSCTG/212/24	Estimación por motivos formais	RSCTG/10/25	Inadmisión
RSCTG/213/24	Estimación por motivos formais	RSCTG/12/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/215/24	Estimación parcial	RSCTG/13/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/223/24	Inadmisión	RSCTG/22/25	Arquivo
RSCTG/226/24	Estimación por motivos formais	RSCTG/25/25	Inadmisión
RSCTG/231/24	Estimación	RSCTG/27/25	Inadmisión
RSCTG/233/24	Estimación	RSCTG/28/25	Inadmisión
RSCTG/236/24	Inadmisión		

Tras o debate sobre a proposta presentada no expediente RSCTG 203/24, acórdase analizar novamente o expediente e sometelo á valoración noutra reunión da comisión.

4. Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 25 de marzo de 2025, ás 11.00 horas.

5. - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 11.15 horas, levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

Maria Dolores Fernández Galiño
Presidenta de la Comisión da Transparencia

Ramón Aguirre Seoane
Secretario da Comisión da Transparencia
(P.S.: Resolución do 14/02/2025)